

I. Disposicións xerais

XEFATURA DO ESTADO

5818 *CORRECCIÓN de erros e errata da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. («BOE» 79, do 1-4-2004.)*

Advertidos erros e errata na Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 2, do 16 de xaneiro de 2004, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 504, primeira columna, artigo 4. Dous, derradeiro parágrafo, liña terceira, onde di: «no artigo 16.un desta lei», debe dicir: «no artigo 16. Un desta lei».

Na páxina 511, primeira columna, artigo 12.Primeiro, Vinte, Un, segundo parágrafo, liña sexta, onde di: «Exclúanse as partidas», debe dicir: «Exclúense as partidas».

Na páxina 511, segunda columna, artigo 12.Primeiro, Vinte, Dous, segundo parágrafo, liña quinta, onde di: «excepto as da partida 3401. Exclúanse as partidas», debe dicir: «excepto as da partida 3401. Exclúense as partidas».

Na páxina 549, primeira columna, artigo 91, Tres, liña primeira, onde di: «Engádese unha nova disposición adicional, a décimo sexta, coa seguinte redacción: Disposición adicional décimo sexta», debe dicir: «Engádese unha nova disposición adicional, a décimo sétima, coa seguinte redacción: Disposición adicional décimo sétima».

Na páxina 549, primeira columna, artigo 91. Catro, liña primeira, onde di: «Engádese unha nova disposición adicional, a décimo sétima, coa seguinte redacción: Disposición adicional décimo sétima», debe dicir: «Engádese unha nova disposición adicional, a décimo oitava, coa seguinte redacción: Disposición adicional décimo oitava».

Na páxina 553, segunda columna, artigo 99, segundo parágrafo, liña primeira, onde di: «Un. Dáselles nova redacción», debe dicir: «Dáselles nova redacción».

Na páxina 586, primeira columna, disposición adicional décimo primeira, segundo parágrafo, liña terceira, onde di: «os equipos participantes terá (...) á Seguridade Social», debe dicir: «os equipos participantes terán (...) á Seguridade Social».

Na páxina 598, primeira columna, disposición adicional vixésimo quinta, quince, segundo parágrafo, liña 12, onde di: «a consagración do réxime de notificación», debe dicir: «a inscrición do réxime de notificación».

Na páxina 601, segunda columna, disposición adicional trixésimo cuarta, dous, 1, primeiro parágrafo, liña terceira, onde di: «ou polos equipos participantes, estarán exentas», debe dicir: «ou polos equipos participantes estarán exentas».

Na páxina 606, segunda columna, disposición adicional cuadraxésimo segunda, no penúltimo parágrafo, última liña, onde di: «NACE 92.202», debe dicir: «NACE 92.20».

Na páxina 608, primeira columna, disposición derogatoria primeira 1, j), onde di: «Lei 38/1992, do 29 de decembro», debe dicir: «Lei 39/1992, do 29 de decembro».

Na páxina 611, primeira columna, disposición derradeira décimo novena, Tres, liña primeira, onde di: «As novas redaccións do número tres», debe dicir: «A nova redacción do número tres».

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

5822 *REAL DECRETO 460/2004, do 18 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 194/2002, do 15 de febreiro, polo que se establecen as modalidades de aplicación da axuda á subministración de leite e produtos lácteos aos alumnos de centros escolares. («BOE» 79, do 1-4-2004.)*

O Regulamento (CE) n.º 2707/2000 da Comisión, do 11 de decembro de 2000, establece as modalidades de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1255/1999 do Consello, no relativo á concesión dunha axuda comunitaria para a subministración de leite e de determinados produtos lácteos aos alumnos de centros escolares.

O Real decreto 194/2002, do 15 de febreiro, establece as modalidades de aplicación da axuda á subministración de leite e produtos lácteos aos alumnos de centros escolares no noso país, xa que o regulamento anterior deixaba abertos algúns aspectos á decisión dos Estados membros.

O Regulamento (CE) n.º 2707/2000 establece no seu artigo 2.1.a) que os beneficiarios serán os alumnos que asistan regularmente a centros de preescolar organizados ou recoñecidos pola autoridade competente do Estado membro.

Ao adaptar esta alínea a) do artigo 2.1 á nosa normativa, estableceuse que os beneficiarios destas axudas son os alumnos que asisten regularmente a centros escolares recoñecidos oficialmente polas autoridades competentes en materia de educación, de distintos niveis de ensino regulado pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

No caso da educación infantil xurdiu o problema de que nalgunhas comunidades autónomas os centros non son autorizados polas autoridades competentes en materia de educación, senón por outras autoridades da Administración autonómica, como é a consellaría competente en materia de asuntos sociais.